



PLAN DIXITAL

CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME: CEE Nosa Señora do Rosario.

ENDERZO: Ronda Camilo José Cela, 2, 15008 A Coruña

CORREO ELECTRÓNICO: cee.nosashora.rosario@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceenosashorarosario/>

TELÉFONO: 881961070

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Programas Formativos.

NÚMERO DE ALUMNADO: 70 alumnos/as.

NÚMERO DE PROFESORADO: 18 mestres/as de audición e linguaxe e 3 profesores técnicos de FP.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEE Nosa Señora do Rosario está situado no barrio de Monelos (A Coruña), compartindo recinto co CEIP María Pita e á beira do CEIP Ramón da Sagra e do IES Otero Pedrayo. Atópase a 150 m do Centro Cívico de Monelos, a 250 m. da Biblioteca Pública Miguel González Garcés e a 450 m. da Delegación Territorial da Coruña da Xunta de Galicia.

O CEE Nosa Señora do Rosario créase en 1964, con 3 profesores e 15 alumnos en 3 aulas do colexio Concepción Arenal. Posteriormente foi trasladado a unhas aulas do colexio María Pita ata que en 1985 se inaugura o edificio no que está localizado actualmente.

Nos seus inicios foi constituído en réxime de Xunta de Promoción Educativa (Padroado) dependente do Concello da Coruña, quen o presidía, e integrada por diversas institucións como a Deputación Provincial, a Caixa de Aforros, a Delegación de Educación e Inspección Educativa e representantes do centro. No ano 2000 o centro pasa a ser público de réxime xeral e dependente integramente da Xunta de Galicia.

Desde a súa creación o centro estivo compartindo o espazo con centros ordinarios, o que provocou que ademais da función educativa propia, sempre se potenciase a integración do alumnado, sendo unha das características da nosa identidade a modalidade de escolarización

combinada, inicialmente co alumnado xordo e na actualidade co alumnado con necesidade específica de apoio educativa que presenta problemas de audición e/ou linguaxe.

O CEE Nosa Señora do Rosario escolariza alumnado de entre 3 a 21 anos con necesidades educativas especiais, conta con comedor de xestión directa para 61 usuarios e 4 rutas de transporte escolar. Ata o curso 2021/2013, as alumnas e alumnos escolarizados no centro eran unicamente rapazas e rapaces con diversidade funcional de tipo auditivo que cursaban a educación primaria e secundaria obrigatoria no centro, os servizos educativos completábanse cunha unidade de atención temperá de 0-3 anos (derradeiro curso 2008/2009) e coa atención ambulatoria do centro de recursos na quenda de tarde, dirixida a alumnado con necesidades de recibir intervencións específicas de audición e linguaxe matriculados en diferentes centros ordinarios da Comarca da Coruña (en funcionamento desde o curso 1997/1998). Será no curso 2013/2014 cando cambie o perfil de alumnado que accede ao centro, autorizándose as primeiras escolarizacións en modalidade combinada para alumnas e alumnos con graves alteracións na comunicación e/ou linguaxe sen perda auditiva, e no curso 2016/2017 as primeiras matriculacións a tempo completo. Tamén neste curso se implanta o primeiro Programa Formativo de FP Básica "Actividades Domésticas", seguido no curso 2017/2018 polo Programa Formativo de "Limpeza de Edifícios" e no curso 2018/2019 polo Programa Formativo de "Peiteado".

Deste xeito, o perfil actual de alumnado matriculado no centro quedaría configurado do seguinte xeito:

- Alumnado con diversidade funcional de tipo auditivo.
 - o Alumnado de EI/EP/ESO que segue o currículo ordinario e que asiste ao noso centro en escolarización combinada.
 - o Alumnado con deficiencia auditiva e outros trastornos asociados graves e permanentes escolarizado a tempo completo no CEE.
- Alumnado con diversidade funcional de tipo cognitivo con presenza de alteracións da comunicación e/ou linguaxe.
 - o Alumnado de EI/EP/ESO que segue o currículo ordinario e que asiste ao noso centro en escolarización combinada.

- Alumnado de EI/EP/ESO con trastornos graves e permanentes escolarizado a tempo completo no CEE.
- Alumnado con n.e.a.e. asociadas a trastornos graves da comunicación e da linguaxe en escolarización combinada.
- Alumnado con n.e.e. matriculados en Programas Formativos de FP Básica.

A oferta educativa do CEE Nosa Señora do Rosario:

- Educación Infantil: escolarización a tempo completo e combinada.
- Educación Primaria: escolarización a tempo completo e combinada.
- Educación Secundaria Obrigatoria: escolarización a tempo completa e combinada.
- Programas Formativos FP básica:
 - Actividades domésticas
 - Limpeza Doméstica
 - Peiteado.
- Atención ambulatoria Centro de Recursos: 2 aulas en quenda de tarde.

O Plan Dixital de Centro, de agora en diante PDC, ten que formar parte das señas de identidade do centro e polo tanto contribuí e formar parte do Proxecto Educativo.

O alumnado do CEE Nosa Señora do Rosario, alumnado con NEAE, ten que estar formado en tódalas competencias, dependendo das súas capacidades, polo que tamén é a nosa obriga traballar a competencia dixital en todos os niveis e en función das súas capacidades. Os recursos que podamos ofrecer a través de medios dixitais serán clave para traballar e lograr un maior éxito académico e social.

Actualmente, desde o Centro e para dar resposta as necesidades dixitais participamos no proxecto Digicraft da fundación Vodafone, en Robótica e no Club de Ciencias. Certo é que

Robótica neste curso non forma parte de ningún Plan ou PFPP pero como en anteriores cursos resultou positivo, continuamos realizando actividades a nivel centro e currículo.

Sobre Digicraft mencionar que forma aos máis pequenos nas competencias dixitais que lles permitirán liderar o seu futuro. Sitúa en todo momento ao alumnado no centro da aprendizaxe, presentando a competencia dixital dunha maneira diferente e divertida a través do uso de tecnoloxías emerxentes. Potencia o respecto polo medio ambiente, promovendo a reciclaxe e o uso responsable de dispositivos.

No Club de Ciencias sempre hai espazo para experimentos relacionados coa tecnoloxía como poden ser os robots pintóns, actividade que repetimos anualmente desde que comezamos co Club.

Por último, mencionar que neste terceiro trimestre solicitamos a participación no programa de innovación educativa "Polos Creativos" cunha proposta a desenvolver de dous cursos de duración, e estamos á espera da resolución.

É fundamental establecer unha estreita relación entre o PLAMBE e o Plan Dixital. No CEE Nosa Señora do Rosario a Biblioteca é o núcleo que fai xirar o Proxecto de Centro. Contemplamos mellorar os medios dixitais e crear un espazo tanto para robótica así como espazo para o uso de videoxogos que axuden ao alumnado a desenvolver as súas competencias e capacidades.

O PDC contribúe a Programación Xeral Anual do curso 22/23 en catro vías:

- a) Integración das tecnoloxías no día a día.
- b) Mellora da competencia dixital do profesorado e do alumnado.
- c) Renovación da dotación de medios e recursos para o profesorado e alumnado para fomentar a aprendizaxe dixital e así acadar unha mellora académica.
- d) Actualización e renovación da páxina web do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de formación profesional de grao básico para o curso 2022-2023.
- Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

1.4. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración o traballo distribúese da seguinte maneira:

- a) Análise da situación de partida. Elaboración das a enquisas para o profesorado e alumnado: Realizamos un diagnóstico das necesidades do centro e das áreas de mellora con para incluír no plan dixital.
- b) Preparación do SELFIE e análise dos resultados.
- c) Elaboración do plan de acción: propóñense varios obxectivos entre os membros do Plan e escóllense os máis asumibles e funcionais de cara ao curso 22/23.

- d) Redacción do Plan Dixital de Centro: cada membro ocúpase dunha parte.
- e) Difusión do plan: difundirase o plan empregando as ferramentas tecnolóxicas institucionais e cada membro encargárase de transmitilo por estes medios.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1. Descrición xeral:

- a) Tipo de conexión: Fibra
- b) Ancho de banda: FTTH_500MB_500MB
- c) Conexión por cable: 15 AULAS + Dirección, Xefatura de estudos, Secretaría, Orientación, Biblioteca e Conserxería.
- d) Conexión WIFI corporativa, instalados puntos de acceso que cubre todo o colexio.
- e) Nº de aulas, espazos e outras dependencias con conexión: Todas

2.1.2. Equipos

- a) Equipos por tipo:
 - Equipos de sobremesa: **31**
 - Equipos portátiles: **12**
 - Pantallas Dixitais: **3**
 - Equipos Digicraft 12
 - Tabletas: **2**
 - Raspberry: **1**

b) Equipos por localización

- En aulas específicas de informática: **0** (O Centro carece de aulas específicas de informática).
- En aulas habituais de clase: **17**
- En dependencias de administración e xestión do centro: **6**
- Noutras dependencias do centro (biblioteca, departamento, sala de profesorado...): **12**
- Sen localización definida: **0**

c) Ordenadores por utilización preferente:

- Tarefas administrativas: **4**
- Tarefas educativas e de docencia: **17**
- Non asignados a unha tarefa preferente: **4**

2.1.3 Aulas específicas de informática: 0 (Prevista a creación dunha nova aula de STEM ou lugar para os Polos Creativos).

2.1.4 Outros equipos informáticos do centro

Nº de encerados interactivos: **3**

Nº de proxectores: **17**

Nº de escáner: **0**

Nº de fotocopiadoras: **4**

Nº de impresoras de rede (conectada a varios equipos): **0**

Nº de impresoras locais (conectadas a un único equipo): **0**

Nº de puntos de acceso WIFI (incluído router WIFI) 14 AMTEGA . Aruba Networks ED1CW60_34

2.1.5 Servizos dixitais educativos.

As ferramentas tecnolóxicas institucionais que emprega o centro neste momento son, a páxina web do centro, xestionada pola dirección do centro e a coordinadora do Equipo TICs, a aula virtual (unha parte do profesorado, non todo con escasa participación por parte do alumnado), e abalar móbil, empregado por unha parte do profesorado.

2.1.6 Xestión do mantemento do equipamento do centro.

Esta xestión está contratada a través da empresa DISMEDIA. Encárgase da subministración de material informático e dixital e do mantemento do mesmo. A coordinadora de TICs colabora na actualización de dispositivos e no arranxo de problemas co software.

2.1.7 Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

Plan de continxencia: www.edu.xunta.gal/centros/ceenosasenhorariosario/?q=system/files/Plan_de_continxencia_21-22.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4	3.8	3.8
	Profesorado	3.9	2.8	3.8
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7	3.5	3.5
	Profesorado	2.4	2.8	2.5
	Alumnado	-	4	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8	3.6	3.4
	Profesorado	3.5	3.9	3.9
	Alumnado	-	3.9	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7	4.7	4.6
	Profesorado	4.1	2.8	3.1
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2	3.9	4.1
	Profesorado	4.4	3.7	4
	Alumnado	-	5	-
	Equipo Direct.	4.2	3.8	3.8

F- Pedagogía: Implementación na	Profesorado	3,2	3	3,2
	Alumnado	-	4,5	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3	3,2	3
	Profesorado	2,3	2,8	1,8
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado	-	3,4	-
	Equipo Direct.	3,6	3,4	3,6
	Profesorado	3,3	3,2	3,3
	Alumnado	-	4,4	-

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	85,90
PROVISIONAL	2	3	66,7
INTERINO	7	7	100
SUBSTITUTO	1	3	33,3

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
85,1	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,5	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	103,5	Experto/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	81,7	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
ESO	94,9	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
F.P	91,5	Integrador/a (B1)	77,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,3%
A2	5	26,3%
B1	6	31,6%
B2	5	26,3%
C1	2	10,5%
C2	0	0%
TOTAL	19	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - C3. Acceso a internet. O centro dispón de acceso a internet por cable en tódalas aulas e por WIFI en tódalas instalacións. 	<ul style="list-style-type: none"> - C1. Infraestrutura - C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe - C11. Brecha dixital: medidas para identificar retos - C15. Tecnoloxías asistenciais. A asistencia técnica non cubre con tódalas necesidades. - C16. Bibliotecas/repositorios en liña Resolución de Incidencias Técnicas.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - D1. Necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC). - D2. Moita predisposición á participación no DPC. - Implicación na mellora da competencia dixital. - Creación de recursos en liña. - Predisposición á aprendizaxe. - A3 O profesorado síntese apoiado e participa na mellora da súa competencia dixital. - E4 Os docentes, na súa totalidade, empregan a tecnoloxía dixital na comunicación no centro. - F6 Alta participación en proxectos interdisciplinarios. 	<ul style="list-style-type: none"> - 1.5 Práctica reflexiva: escasa reflexión sobre a propia práctica profesional e a colectiva no referente ás tecnoloxías dixitais e á avaliación. - O escaso tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades. AX.PEC 3 As diferentes modalidades de formación organizadas pola A. Educativa non se axustan as nosas necesidades. - Competencia dixital do Profesorado: Mellorable. A5. Dificultades coas normas sobre os dereitos de autos e licenzas de uso. Escasa formación na avaliación. F3. Escaso fomento da creatividade.
	PERSOAL NON DOCENTE		<ul style="list-style-type: none"> - Non existe intercambio de experiencias dixitais.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escasa capacitación e habilidades dixitais do alumnado derivadas das súas capacidades. - C10. Escasos dispositivos para o alumnado. - Necesidade de incorporar actividades de aprendizaxe que lle esixan ao alumnado o uso de tecnoloxías dixitais para buscar, avaliar e xestionar información e datos en contornos dixitais. - Escaso uso da Aula Virtual

	FAMILIAS	- E4. Unha boa comunicación coas familias.	- O coñecemento das familias a nivel tecnolóxico é limitado.
	OFERTA	- A. Pregunta Específica Centro 3 (Equipo Directivo): Dende o centro promóvese a participación do profesorado en actividades formativas.	- A4. Falta de tempo para explorar a ensino dixital. - B1. No centro non se avalía con tecnoloxías dixitais os progresos de ensino aprendizaxe.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- C12. O centro conta con plans de formación para axudar aos docentes a enfrontarse aos desafíos do ensino mixto. - G8. O profesorado fai un escaso emprego das tecnoloxías na documentación da aprendizaxe do alumnado.	- Dificultades no uso legislativo referente a protección de datos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- C1 O centro conta cunha conexión dixital adecuada e adaptada ao ensino mixto.	- C11. Brecha Dixital. - O centro non dispón de recursos dixitais suficientes como para poder aplicar o Ensino dixital nas aulas: falta de pantallas dixitais. - A4. Deficit horario para poder reflexionar e mellorar os coñecementos tecnolóxicos e dixitais. - Pouca estabilidade do profesorado. - Moita burocracia
	LEXISLACIÓN	- C1 O centro conta cunha conexión dixital adecuada e adaptada ao ensino mixto.	- Dificultades no uso legislativo referente a protección de datos - A5 No centro, en xeral, non se respectan os dereitos de autor e as licenzas de emprego das tecnoloxías dixitais.
	CONTORNA		- Falta de comunicación entre os centros que desenvolven proxectos similares.
	ANPA	- Boa relación coa AMPA.	
	OUTRAS ENTIDADES		- B3. No centro empregamos en poucas ocasións as tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións aínda que as empregamos para as coordinacións. - B4. Baixa interacción na realización de proxectos educativos con outras entidades.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": A. ORGANIZACIÓN DO CENTRO						
1. OBXECTIVO (1):	A1. Poñer en marcha o Plan Dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Dinamización e consecución dos obxectivos previstos no Plan Dixital					
Valor de partida (3)	Existe un Equipo para a creación do Plan Dixital e este non está implementado					
Valor previsto e data (4)	Implementación do Plan Dixital e valoración da consecución dos obxectivos e indicadores previstos.				Xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear o Equipo de Dinamización do Plan Dixital	Equipo Directivo	Setembro 2022	Docentes	Creación dun grupo de 3-5 membros do Claustro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Implementar o Plan Dixital	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	Xuño de 2023	Membros do Equipo Persoal do Centro Consellería de Cultura, Educación e Universidade	Implementación do Plan Dixital do Centro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS							
2. OBXECTIVO (1):	C2/C8 – Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro					Acadado	
RESPONSABLE:	Director do centro e coordinadora TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos renovados: pantallas, ordenadores.						
Valor de partida (3)	Poucas pantallas dixitais e tablets e escasos dispositivos actualizados e/ou renovados						
Valor previsto e data (4)	100% dos dispositivos actualizados e/ou renovados				30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente para a coordinación TIC.	Equipo Directivo Inspección	Setembro 2022	Persoa coordinadora	Nomeamento da persoa coordinadora con liberación horario en función da tipoloxía e infraestrutura do centro.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Coordinadora TIC	decembro 2022	coordinadora, claustro con folla de recollida de datos	folla recollida de datos cumprimentada	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital (pantallas dixitais ordenadores e tablets.)	Equipo Directivo Coordinadora TIC Consellería de Cultura, Educación e Universidade	abril 2023	Coordinadora e empresa externa: DISMEDIA	100% do equipamento actualizado e 70% renovado.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: posta en marcha do	Coordinadora TIC	xuño 2023	equipo plan dixital	70% do equipamento	Realizada		

novο equipamento				funcionando.	Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
3. OBXECTIVO (1):	C1. Actualizar o modelo da nosa Páxina Web do Centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Unha web máis visual, intuitiva e accesible					
Valor de partida (3)	Modelo da páxina desactualizado desde fai 2 anos					
Valor previsto e data (4)	Actualización do 100% modelo e do 50% contido da páxina.			1 de Decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Contactar co asesor Abalar para solicitar o cambio no modelo da web.	Coordinador TIC Asesor Abalar	1 de outubro 2022	Contacto do asesor Abalar, coordinador TIC, teléfono ou correo electrónico.	Rexistro da Solicitud	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formarse no uso do novo modelo.	Coordinador TIC Asesor Abalar	1 de febreiro de 2023	Asesor Abalar, Coordinado TIC, Actualización do modelo, información do modelo.	O coordinador é competente no uso do novo modelo.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Adaptar os contidos anteriores ao novo modelo.	Equipo TIC	1 de xuño de 2023	Actualización do modelo e ideas do profesorado.	100% do modelo actualizado e o 50 % da información da web adaptada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
4. OBXECTIVO (1):	C14 - Reorganizar os espazos do centro para crear un Aula de Informática e así poder facilitar a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Reorganización dos espazos do centro educativo.					
Valor de partida (3)	Non hai espazos do centro educativo para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.					
Valor previsto e data (4)	Equipamento básico (conectividade wifi e ethernet, canón, ordenador e un dispositivo móbil por cada 5 alumnos/as) en todas as aulas do centro educativo. Aula dixital de uso común con alomenos o equipamento seguinte: croma, dispositivo móbil, 10 ordenadores, 10 micrófonos e conectividade).			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar un estudo de reorganización dos espazos	Equipo Directivo Coordinadora TIC	Outubro 2022	Aula de informática ou espazo adaptado.	Creación dun Aula de Informática ou espazo habilitado para a mesma e de uso común.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dotar ao espazo adaptado/creado co equipamento básico	Equipo Directivo e coordinadora TIC. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	1º – 2º Trimestre (Curso 2022/2023)	Tecnoloxía dixital básica. Equipo Directivo. Orzamento.	Aula dixital e restantes aulas do centro educativo co equipamento básico necesario.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración dun protocolo e horario de uso da Aula de Informática e/ou empréstito do material dixital.	Coordinador TIC Equipo Directivo	Despois das actuacións anteriores.	Persoa coordinadora TIC.	Horario de uso compartido. Protocolo de uso. Documentación de saída e entrada de material para ás aulas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. PERSOAL DOCENTE						
5. OBXECTIVO (1):	E4/E5 Dinamizar as RRSS do centro para compartir experiencias e actividades coa Comunidade Educativa				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Ter ao menos una publicación por mes					
Valor de partida (3)	Redes Sociais sen actualizar desde fai 2 anos					
Valor previsto e data (4)	Unha publicación ao mes.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar un grupo para a actualización das RRSS	Coordinadora TIC	1 Outubro 2022	Folla de Rexistro, Coordinadora TIC.	Formación dun grupo de ao menos 3 persoas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un espazo de uso compartido e avalado pola Consellería para compartir e almacenar recursos	Coordinadora TIC	15 de Outubro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Dotar a Comunidade Educativa cos materiais que realizamos para o Proxecto de Centro	Equipo TIC	Xuño 2023	Recursos do Proxecto de Centro elaborados polas mestras do centro.	AO1.2: Dotar a Comunidade Educativa cos materiais que realizamos para o Proxecto de Centro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. PERSOAL DOCENTE						
6. OBXECTIVO (1):	E2/E3 Mellorar a competencia dixital docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O 50% do persoal docente sabe utilizar os dispositivos dixitais e tecnolóxicos do centro (impresora 3D e Impresora Silloutte)					
Valor de partida (3)	Tan só un 20% do profesorado sabe empregar os dispositivos dixitais do centro					
Valor previsto e data (4)	O 50% do persoal docente sabe empregar os dispositivos e tecnoloxías dixitais dispoñibles no centro.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar un grupo de traballo para a mellora dixital docente	Coordinadora TIC	1 Outubro 2022	Folla de Rexistro, Docentes Coordinadora TIC.	Formación dun grupo de traballo formado co ao menos un 50% do total do profesorado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Mellorar a competencia dixital con formación externa	Coordinadora TIC Equipo Directivo CFR	15 de Outubro	Formadores Docentes	O profesorado é quen de empregar as tecnoloxías dixitais.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

3.2.1 Con respecto a infraestructura dixital.

+ INFRAESTRUCTURA DE DATOS:

O centro está integrado dentro da **Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG)**, unha rede privada, segura e de alta capacidade que conecta aos centros educativos coa administración e cos servizos centrais.

A rede corporativa proporciona aos centros educativos servizos de mantemento correctivo e preventivo do hardware e da electrónica da rede, servizos de mantemento e configuración de software, servizos de reinstalación de equipos e servizos de instalación e mantemento de cableado.

Toda a rede do centro converge no **switch principal**, tanto directamente como por medio de conexións intermedias con switches secundarios. O **router**, conectado ao switch principal, xestiona o acceso e a conexión de toda a rede interna do centro coa Rede Corporativa da Xunta a través das liñas de datos contratadas pola propia Xunta de Galicia cos distintos provedores de internet que dan servizo nos centros educativos.

+ INFRAESTRUCTURA DE VOZ:

Todos os teléfonos do centro son de telefonía IP están localizados nos seguintes espazos:

- Conserxaría
- Administración
- Secretaría
- Xefatura de estudos
- Dirección
- Orientación
- Cociña

+ CONEXIÓN DE REDE E REDE SEN FÍOS.

Todos os espazos do centro contan con conexión de rede por cable e desde marzo de 2022 contamos con puntos de acceso de conexión WIFI corporativa.

3.2.1 Con respecto ao equipamento.

+ DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS:

- AULAS DIXITALIZADAS: necesidade de pantallas dixitais nas aulas (mínimo 12) para poder aplicar os recursos dixitais necesarios para fomentar a competencia dixital. Tamén de tablets para poder traballar de forma individual.
- EDIFICIO ADMINISTRATIVO: necesidade de renovar os 4 equipos cib teclados e ratos ergonómicos con lector de tarxeta incorporado. Precisamos tamén 3 discos duros externos.
- BIBLIOTECA DO CENTRO: necesidade de libros dixitais e tablets para fomentar o espazo a lectoescritura e a robótica.
- AULA DE INFORMÁTICA: Actualmente o centro non dispón de aula informática. Contamos con crear o curso que ven un aula STEM.
- EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA ALUMNADO EN RISCO DE FENDA DIXITAL.: Actualmente dispoñemos de 2 ordenadores para este fin, insuficientes para cubrir a demanda nun posible confinamento.
- EQUIPOS PARA USO DE SALA DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS: A sala de profesorado ten 4 equipos para uso do profesorado; sen embargo 4 equipos para 20 docentes parecen insuficientes. Deberase aumentar a dotación en dous equipos máis. O departamento de Orientación non precisa aumento nin mellora da dotación.

3.2.3 Con respecto aos servizos dixitais educativos.

Actualmente o centro emprega a aula virtual de Moodle, a web Drupal e Abalar móbil. O uso destes servizos atópase na seguinte situación:

- a) Aula virtual do centro: 20% do profesorado de Educación Primaria, 20% do profesorado de Educación Infantil e un 10% en Programas Formativos.
- b) Páxina web do centro. Uso e xestión por parte do equipo directivo e coordinadora de TICs. Actualización das novas, documentos do centro, espazos para equipos de coordinación docente...

- c) Abalar Móbil. Actualmente emprégase no 60% do profesorado de Educación Infantil e Primaria.

As propostas de mellora para o curso 22/23 dentro destes medios serán:

- a) Modificar a plantilla e contidos da páxina web, coa intención de facer da mesma un espazo inclusivo, máis visual e sen barreiras.
- b) Fomentar o uso da Aula Virtual como espazo para compartir recursos co alumnado e coas familias.
- c) Dinamización das RRSS para abrir o centro á comunidade.
- d) Petición de apertura do espazo na rede Agueiro. Proporase este sistema como espazo para compartir recursos entre o profesorado.
- e) Orzamentos para o Equipo Dixital para poder mercar licenzas de aplicacións ou recursos web que precisamos: Genialy, Educandy...

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento.

Realizarase unha avaliación do proceso a través dunha escala de valoración. Esta escala medirá en catro niveis o grao de adquisición das accións levadas a cabo no plan e os graos de consecución dos resultados vinculados a dito plan.

Incluirase tamén un apartado de modificacións e un de propostas de mellora.

Tamén realizarase unha avaliación final que terá en conta os obxectivos a través dunha rúbrica medindo os graos de desempeño de ditos obxectivos e onde incluiremos da mesma forma as propostas de mellora que xurdan na avaliación do proceso.

AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE					2º TRIMESTRE					3º TRIMESTRE				
Execución das accións para acadar os obxectivos do plan dixital	1	2	3	4	Execución das accións para acadar os obxectivos do plan dixital	1	2	3	4	Execución das accións para acadar os obxectivos do plan dixital	1	2	3	4
Resultados vinculados ás accións levadas a cabo.	1	2	3	4	Resultados vinculados ás accións levadas a cabo.	1	2	3	4	Resultados vinculados ás accións levadas a cabo.	1	2	3	4
ACCIÓN	MODIFICACIÓN				ACCIÓN	MODIFICACIÓN				ACCIÓN	MODIFICACIÓN			
PROPOSTAS DE MELLORA														
PROPOSTA														
PROPOSTA														
<p>*(1)NON ACADADO (2) EN PROCESO (3) ACADADO (4) MODIFICADO</p> <p>Marcar cun X o que proceda.</p>														
<p>* (1)NADA SATISFACTORIO (2)NON CONCLUÍNTE (3)ACEPTABLE (4)MOI SATISFACTORIO</p>														

RÚBRICA AVALIACIÓN FINAL DO PDC				
OBXECTIVOS	GRAOS DE DESEMPEÑO			
A1. Poñer en marcha o Plan Dixital	Non se puxo en marcha.		Púxose en marcha.	
C1. Actualizar o modelo da nosa Páxina Web do Centro	Non se modificou o modelo		Cambiose o modelo	
C14 - Reorganizar os espazos do centro para crear un Aula de Informática e así poder facilitar a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Non se creou o espazo para a Aula de Informática		Creouse o espazo para a Aula de Informática	
E4/E5 Dinamizar as RRSS do centro para compartir experiencias e actividades coa Comunidade Educativa	Compartíronse 2 ou menos recursos/experiencias coa Comunidade Educativa	Compartíronse entre 2 e 6 recursos/experiencias coa Comunidade Educativa	Compartíronse entre 6 e 12 recursos/experiencias coa Comunidade Educativa	Compartíronse entre máis de 12 recursos/experiencias coa Comunidade Educativa
E2/E3 Mellorar a competencia dixital docente	Menos do 20 % do profesorado realizou formacións relacionadas coa competencia dixital docente.	Entre o 20% e 50 % do profesorado realizou formacións relacionadas coa competencia dixital docente.	Entre o 50 % e o 80% do profesorado realizou formacións relacionadas coa competencia dixital docente.	Máis do 80 % do profesorado realizou formacións relacionadas coa competencia dixital docente.
PROPOSTAS DE MELLORA				
PROPOSTA 1	NON ACADADO		ACADADO	
PROPOSTA 2	NON ACADADO		ACADADO	

5. Difusión do plan

A tarefa de difusión do PDC, ten que ser consecuente con dito plan e deberá facerse a través das ferramentas institucionais dispoñibles: páxina web do centro, abalar móbil e rede Agueiro.

1. PRIMEIRA FASE.

- a. DESTINATARIOS: Difusión entre o profesorado. Consideramos que os primeiros en coñecer o plan deben ser os mestres/as do centro.
- b. MEDIO: A través do correo corporativo edu.xunta.gal
- c. PRAZOS:
 - i. 1ª semana de xullo do curso 21/22 (mestres do curso actual)
 - ii. 1ª semana de setembro do curso 22/23 (mestres de nova incorporación).

2. SEGUNDA FASE.

- a. DESTINATARIOS: Difusión entre as familias do alumnado.
- b. MEDIO: Páxina web do centro. O PDC incorporárase ao PE no apartado de Documentos de centro no menú Drupal da páxina web do centro.
- c. PRAZOS: 1ª semana de setembro do curso 22/23.

3. TERCEIRA FASE.

- a. DESTINATARIOS: Toda a comunidade educativa.
- b. MEDIO: Abalar móbil e rede Agueiro. Enviarase abalar do centro co enlace a unha páxina de Agueiro onde aparecerán os puntos do plan detallados e diferentes apartados vinculados aos obxectivos e ás accións realizadas a través de probas audiovisuais.
- c. PRAZO. Mes de setembro (abalar) e durante todo o curso, na rede Agueiro.